

MOCIÓN PARA A CREACIÓN DUN PLAN PARA REDUCIR A FENDA DIXITAL E DE APRENDIZAXE NO CONCELLO DE CARBALLO.

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG - PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O confinamento pola COVID19 supuxo o peche das escolas de todo o país. O Goberno e as Comunidades Autónomas tiveron que buscar unha solución alternativa que puidese seguir garantindo a educación de calidade e continua de todo o alumnado.

Os centros, docentes e familias pasaron dunha educación presencial a unha educación telemática, da noite para a mañá, deixando entrever que o sistema telemático tiña graves carencias. Por unha banda, os centros carecían de sistemas informáticos para os docentes ou o alumnado que o precisase.

Así, o sistema educativo que ten o deber e a necesidade de garantir a igualdade de oportunidades de todo o alumnado, así como a equidade e a calidade educativa, empezou a ter graves problemas para alcanzar as devanditas premisas. Durante este confinamento, un número elevado de alumnos e alumnas quedaron fóra do sistema. Familias que non dispoñían dun soporte electrónico ou conexión a internet, familias con varios fillos e pais teletraballando cun só equipo na casa, familias sen ningún tipo de coñecemento informático, familias que non dispoñían de impreso ou recursos económicos para imprimir día tras día as tarefas escolares, en definitiva, familias que se quedaron desconectadas das escolas durante máis dun trimestre.

A fenda dixital pode ser definida en termos da desigualdade de posibilidades que existen para acceder á información, ao coñecemento e á educación mediante o uso das TIC, sendo en consecuencia estas persoas marxinadas das posibilidades de comunicación, formación, impulso económico, etc., que a rede permite.

A fenda dixital de acceso entre a infancia e adolescencia vulnerable é unha realidade, o 14% dos fogares con menores non teñen ordenador ou portátil, esa cifra elévase ata alcanzar o

30% en fogares de familias pobres. O 5,3% de fogares con menores non contan con internet, elevándose ao 13,6% nos fogares con menos recursos. A fenda dixital, convértese en brecha social, limitando a aprendizaxe do noso alumnado e xerando que a tecnoloxía sexa un elemento de exclusión e non de inclusión social.

Pero esa fenda dixital de aprendizaxe no fogar é debida en moitos casos ás desigualdades culturais existentes de apoios e recursos familiares. De nada serve que consigamos que toda a poboación estea conectada se non a capacitamos para a utilización e interacción coas TICs pois estas son xa ferramentas básicas de intercambio de información e de formación no século actual.

A alfabetización dixital convértese así en elemento imprescindible para reducir a fenda dixital, social e de aprendizaxe. Por tanto, debemos ser conscientes, que a sociedade precisa destes coñecementos fundamentais para facer fronte a un mundo informatizado.

Os docentes, aos cales agradecemos desde esta moción o seu traballo e dedicación, fixeron verdadeiros malabares para poder chegar a todas estas familias, dando clase por chamada de teléfono, entregando material fotocopiado en pleno confinamento, etc. pero a brecha seguía existindo, e con ela, aumenta a da aprendizaxe e de oportunidades que existe entre o alumno favorecido e o alumno socialmente desfavorecido.

Doutra banda, a fenda dixital e de aprendizaxe acrecéntase para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, xa, que na maioría dos casos, é moi complicado atender ás súas necesidades individuais a través dunha pantalla, por tanto, estamos na obrigaón de darlles unha resposta o máis personalizada posible, respondendo as súas necesidades e dotándolles de todos os medios necesarios para que poidan aprender en igualdade de condicións que o resto do alumnado, garantindo así a equidade e a calidade do sistema educativo español.

En definitiva, tendo en conta, o difícil que foi para os docentes e as familias esta educación telemática, e sobre todo sendo moi conscientes das desigualdades que xerou, desde o Concello debemos adiantarnos a unha posible situación similar e buscar alternativas que garantan a igualdade de oportunidades e educativas para todo o alumnado do noso municipio.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción o seguinte acordo:



- Multiplicar as iniciativas para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe, no marco das súas competencias autonómicas, que axude a superar as desigualdades existentes garantindo a equidade e calidade do noso sistema educativo, asegurando a continuidade educativa a distancia do noso alumnado para que siga aprendendo nas mellores condicións posibles.
- Que o Concello de Carballo estableza un protocolo que prevexa para o caso en que unha nova situación que derive na obrigatoriedade de estudo en liña a repartición de tablets, material informático necesario e tarxetas de acceso a internet a aquelas familias que non teñan acceso para facilitar a formación en liña aos alumnos/as do noso municipio. Tamén a distribución de bonos/vales trocables para a impresión de material educativo nas diversas reprografías do noso municipio entre alumnos/as do noso Concello con dificultade de acceso a elo.

Carballo a 15 de marzo do 2022.
María Carmen Vila Blanco.
Voceira Grupo Municipal Socialista.

Sr. ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL